

Este proxecto técnico foi aprobado na Comisión  
Permanente do Consello Galego de Estatística do día 27  
de xullo de 2012

## **24-601 Empresas de traballo temporal**

### **PROXECTO TÉCNICO**

O obxecto da creación desta actividade é a de coñecer a estrutura e a incidencia da contratación a través das empresas de traballo temporal no ámbito territorial de Galicia, tomando como variables de referencia os seus contratos de posta a disposicións formalizados.

#### **1.- Normativa e organización**

As principais disposicións legais referidas a esta materia son as contidas na seguinte normativa de aplicación:

##### **Normativa xeral**

- Lei 14/1994, do 1 de xuño, pola que se regulan as empresas de traballo temporal, modificada pola Lei 29/1999, do 16 de xullo, (BOE nº 131 02.06.94)
- Real decreto 4/1995, do 13 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 14/1994, do 1 de xuño, pola que se regulan as empresas de traballo temporal, (BOE nº 27 do 1.02.95)
- Artigo 1 e 43, do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, (BOE nº 75 do 29.03.95)
- Capítulo II, artigo quinto, da Lei 63/1997, do 26 de decembro, de medidas urxentes para a mellora do mercado de traballo e o fomento da contratación indefinida, (BOE nº 312 do 30.12.97)
- Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada, (BOE nº 7 do 08.01.99)
- Artigo 38 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, (BOE nº 313 do 31.12.98)
- Real decreto 216/1999, do 5 de febreiro, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde no traballo no ámbito das empresas de traballo temporal, (BOE nº 47 do 24.02.99)
- Directiva 2008/104/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de novembro de 2008, relativa ao traballo a través de empresas de traballo temporal (DOUE 05.12.2008)

## **Transferencia:**

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 29.1º, recolle como competencia propia desta comunidade autónoma a execución da lexislación básica do Estado en materia laboral e, dentro da estrutura orgánica da Xunta de Galicia, dita competencia está asignada á Consellería de Traballo e Benestar, correspondendo o seu ámbito funcional á Dirección Xeral de Relacións Laborais, para todas as empresas de traballo temporal da Comunidade Autónoma de Galicia.

## **Organización**

O Rexistro de empresas de traballo temporal depende da Subdirección Xeral de Traballo, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, que realiza a inscrición e anotación rexistral destas para todo o ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, separando as de ámbito provincial das de ámbito autonómico. Así, as persoas físicas ou xurídicas que pretendan realizar a actividade de empresa de traballo temporal deberán obter autorización administrativa previa da autoridade laboral.

Tamén hai unha serie de obrigas de información á autoridade laboral por parte destas empresas, que teñen que comunicar a *Relación de contratos de posta a disposición* formalizados no mes anterior

Igualmente, teñen a obriga de comunicar á autoridade laboral, dentro dos quince días seguintes á súa produción ou, no seu caso, notificación de inscrición no correspondente Rexistro mercantil ou Rexistro de cooperativas, os seguintes actos:


- Os cambios de titularidade e de domicilio da empresa.
- O cambio das persoas que ostenten cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración en empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, indicando os seus datos identificativos.
- A apertura de novos centros de traballo.
- O cesamento da actividade como empresa de traballo temporal.

Todas as anteditas funcións sinaladas están adscritas á Dirección Xeral de Relacións Laborais.

A información contida na estatística anual, e recollida no anuario de estatísticas sociolaborais, procede da explotación estatística-informática que efectúa a Subdirección Xeral de Traballo,

tomando como fonte de información os datos do rexistro de empresas de traballo temporal, adscrito a esta subdirección xeral e os datos das comunicacións efectuadas polas empresas á autoridade laboral.

A Subdirección Xeral de Traballo está integrada na Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Traballo.



## 2. - Unidades estatísticas

A materia obxecto de investigación estatística son as **Empresas de Traballo Temporal (ETT) con domicilio social na Comunidade Autónoma de Galicia**, autorizadas, segundo o seu ámbito territorial de funcionamento pola Consellería de Traballo e Benestar, para operar só dentro da comunidade.

Así ben, cando una ETT opera en provincias de diferentes comunidades deberá pedir autorización ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social. O Ministerio de Emprego e Seguridade Social facilita, a través da conexión da Subdirección de Traballo coa súa páxina web, información relativa ás empresas de traballo temporal de ámbito territorial nacional e con domicilio social na Comunidade Autónoma de Galicia, así como dos contratos de posta a disposición e cesións de traballadores realizadas por estas empresas que non se inclúen nesta estatística autonómica, xa que están incluídos nas estatísticas do ministerio.

Á súa vez, o Rexistro de empresas de traballo temporal da Consellería de Traballo e Benestar envía ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social comunicacións sobre as autorizacións a empresas de traballo temporal con ámbito territorial na Comunidade Autónoma de Galicia, así como, dos contratos de posta a disposición e cesión dos traballadores/as realizados por estas empresas.

Denomínase ETT a aquela empresa cuxa actividade exclusiva consiste en pór a disposición doutra empresa (denominada usuaria), con carácter temporal, persoas traballadoras contratadas por ela.

O contrato de posta a disposición é o realizado entre a ETT e a empresa usuaria que ten por obxecto a cesión do traballador para prestar servizos na empresa usuaria. Este tipo de contratos pode levarse a cabo nos mesmos supostos e baixo as mesmas condicións e requisitos nos que a empresa usuaria podería realizar un contrato de duración determinada conforme ao disposto no artigo 15 do Estatuto dos traballadores.

### **3. - Variables**

#### **Empresas de traballo temporal**

As variables referidas á ETT recóllense cando solicita a autorización administrativa previa, xa sexa na Dirección Xeral de Relacións Laborais, empregando o formulario do anexo I deste proxecto, como no ministerio; terán relevancia na estatística:

#### Domicilio da empresa de traballo temporal

Ámbito de actuación: A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra. Unha mesma ETT pode ter varias provincias como ámbito de actuación.

#### **Contratos de posta a disposición**

A información referida aos contratos da posta a disposición e ás cesións de traballadores ás empresas usuarias procede das "relacións de contratos de posta a disposición" (anexo II deste proxecto), que achegan mensualmente as ETT á Dirección Xeral de Relacións Laborais. Para cada ETT, por provincias, teremos cada mes:

- Nome, número de identificación fiscal e código de conta de cotización á Seguridade Social das empresas usuarias.
- Número de contratos formalizados con cada unha delas, desagregando por supostos de formalización. Existen 4 modalidades de contratación:
  - Tipo 1: por realización de obra ou servizo determinado
  - Tipo 2: por acumulación de tarefas
  - Tipo 3: substitución de traballadores
  - Tipo 4: contratación proceso selección
- Número total de persoas traballadoras postas a disposición no total de empresas usuarias, con independencia do número de contratos de posta a disposición formalizados con cada persoa. A información sobre cesións de traballadores recolle que se un traballador foi cedido en máis dunha ocasión se computará por unha soa vez.

#### **4.- Procesamento de datos**

A información de base utilizada para elaborar a estatística obtense, segundo os casos, das fontes que se indican.

A correspondente ás empresas, procede do rexistro de empresas de traballo temporal (ETT), que contén información sobre as inscricións destas empresas, diferenciando as seguintes situacións: inscrición de autorización inicial, prórroga, cambio de ámbito territorial de actuación, reinicio e suspensión ou cese de actividade. Os datos deste rexistro proceden, a súa vez, da documentación que as ETT deben presentar ante a autoridade laboral competente -Dirección Xeral de Relacións Laborais- para os efectos de solicitar autorización ou comunicar cambios de situación. Así mesmo, o dito rexistro transmite a información, vía telemática, das anotacións rexistradas á Sección Central do Rexistro de Empresas de Traballo Temporal da Administración Xeral do Estado, cuxa xestión corresponde á Dirección Xeral de Traballo do Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

A información referida aos contratos da posta a disposición e ás cesións de traballadores ás empresas usuarias procede das “relacións de contratos de posta a disposición”, que achegan mensualmente as ETT á Dirección Xeral de Relacións Laborais. A dita documentación achegarase igualmente no caso de que a empresa non formalizase contratos de posta a disposición, facendo constar tal circunstancia.

O Ministerio de Emprego e Seguridade Social facilita, a través da conexión da Subdirección de Traballo coa súa páxina web, información relativa ás empresas de traballo temporal de ámbito territorial nacional e con domicilio na Comunidade Autónoma de Galicia, así como dos contratos de posta a disposición e cesións de traballadores realizadas por estas empresas, aínda que non se inclúen nesta estatística, senón nas estatísticas do ministerio, como organismo responsable destas.

#### **5.- Deseño e explotación dos datos do rexistro**

Para o sistema de xestión de ETT explótanse os datos recollidos ao longo do mes, por provincias con expresión da empresa autorizada, ámbito territorial, traballadores contratados e contratos de posta a disposición de cada tipo. Estes datos son recollidos nunha táboa dinámica de MS Excel que vai almacenando os datos mensuais, dando un resumo anual ao final do período.

#### **Variáveis de estudo**

Contratos de posta a disposición realizados no ano de referencia nas empresas de traballo temporal autorizadas pola Dirección Xeral de Relacións Laborais e persoas traballadoras afectadas.

As persoas traballadoras obtéñense agregando os datos mensuais de traballadores afectados polos contratos postos a disposición nese mes. Se un traballador está afectado por varios contratos en meses distintos conta tantas veces como meses se vexa afectado. Non ocorre o mesmo no caso de verse afectado por varios contratos no mesmo mes, que so contaría unha única vez.

### **Variables de clasificación**

Os contratos de posta a disposición realizados nas empresas de traballo temporal autorizadas pola Dirección Xeral de Relacións Laborais clasificaranse segundo **a provincia onde se vaian levar a cabo** e a causa pola que se contrata.

As persoas traballadoras afectadas clasificaranse segundo o ámbito de actuación da ETT, é dicir, segundo a provincia ou provincias, que figurará na listaxe de contratos, onde estea autorizada a desenvolver a súa actividade a ETT.

O ámbito territorial provincial da ETT será: A Coruña, Lugo, Ourense ou Pontevedra e correspóndese coa provincia á que corresponda na listaxe de contratos

### **Índice de táboas**

Contratos de posta á disposición realizados nas empresas autorizadas pola Dirección Xeral de Relacións Laborais, segundo o ámbito de actuación e a modalidade da contratación. Ano xxxx
Traballadores postos á disposición polas empresas de traballo temporal, segundo ámbito de actuación. Ano xxxx

## **ANEXOS:**

### **ANEXO I**

- Modelo de solicitude de autorización dunha empresa de traballo temporal, tamén se achega en documento aparte:

[http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Contidos\\_Estandar/relacions\\_laborais/Solicitude\\_ETT\\_gal.pdf](http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Contidos_Estandar/relacions_laborais/Solicitude_ETT_gal.pdf)

## **ANEXO II**

Modelos dos que se extrae a información elaborada:

- Modelo de relación de contratos de posta a disposición, tamén se achega en documento aparte:

[http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Contidos\\_Estandar/relacions\\_laborais/contratos\\_disposicion\\_gal.pdf](http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Contidos_Estandar/relacions_laborais/contratos_disposicion_gal.pdf)





## SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A ACTIVIDADE DE EMPRESA DE TRABALLO TEMPORAL

### DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO SOLICITANTE

Nome		NIF	
En calidade de	Enderezo (a efectos de notificacións)		
Localidade	Provincia	Código Postal	Teléfono

### DATOS DA EMPRESA

Denominación d empresa de traballo temporal (1)			
Enderezo social			
Localidade	Provincia	Código Postal	
Teléfono	CIF/NIF	Código Conta Cotización	
Ámbito territorial de actuación			

### O SOLICITANTE DECLARA QUE:

- a) A entidade dispón dunha estrutura organizativa que lle permite cumprir coas obrigacións que asume como empregador en relación co obxecto social
- b) A entidade dedicarase exclusivamente á actividade de empresa de traballo temporal
- c) A entidade carece de obrigacións pendentes de carácter fiscal ou de Seguridade Social
- d) Autoriza expresamente á Consellería de Traballo e Benestar, de conformidade o establecido no artigo 2 do Decreto 255/2008, de 23 de outubro e na orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos datos de identidade nos Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio de Presidencia.  
 Si  Non

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmolle que os datos persoais recollidos nesta solicitude, incorporaranse a ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade de xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos nesta lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro.

**SOLICITO** autorización para actuar como empresa de traballo temporal, conforme ao previsto na Lei 14/1994, de 1 de xuño.

SINATURA:

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

(1) Na denominación da empresa, deberase incluír necesariamente os termos de "empresa de traballo temporal" ou a súa abreviatura "ETT".

## DOCUMENTACIÓN NECESARIA

- Fotocopia do documento nacional de identidade, pasaporte o permiso de traballo e residencia do solicitante, no caso de que non se autorice expresamente a súa comprobación.
- Copia do poder suficiente en dereito, se o solicitante actúa en representación dunha persoa xurídica
- Certificación acreditativa da inscrición no Rexistro Mercantil ou no Rexistro de Cooperativas.
- Escritura pública de constitución e estatutos sociais
- Certificación da Axencia Tributaria de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias
- Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social de estar ao corrente no cumprimento das obrigacións fronte á Seguridade Social
- Documentación acreditativa de ter constituída a garantía financeira
- Memoria da estrutura organizativa coa que conta a empresa, detallada por centros de traballo

## RELACIÓN DE CONTRATOS DE POSTA A DISPOSICIÓN

Celebrados no mes de .....de .....

### IDENTIFICACIÓN DA EMPRESA DE TRABAJO TEMPORAL

Nome	Nº autorización	NIF	Código conta cotización	Nº traballadores a disposición*	postos a
------	-----------------	-----	-------------------------	---------------------------------	----------

### IDENTIFICACIÓN DAS EMPRESAS USUARIAS

Nome da empresa usuaria	Actividade (**)	NIF	Código conta cotización	Total contratos	De eles -12 horas (***)	(1)	(2)	(3)	(4)
<b>TOTAL</b>				0	0	0	0	0	0

(\*) Se un traballador foi cedido mais dunha ocasión, computarase unha soa vez.  
 (\*\*\*) Consignarase os dous díxitos correspondentes á Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009  
 (\*\*\*) Do total de contratos, consignar o número de contratos inferior a 12 horas  
 (1) Número de contratos realizados de acordo co artigo 6.2 a) da Lei 14/1994, de 1 de xuño  
 (2) Número de contratos realizados de acordo co artigo 6.2 b) da Lei 14/1994, de 1 de xuño  
 (3) Número de contratos realizados de acordo co artigo 6.2 c) da Lei 14/1994, de 1 de xuño  
 (4) Número de contratos realizados de acordo co artigo 6.2 d) da Lei 14/1994, de 1 de xuño

..... de .....de.....  
 Sinatura e selo da empresa: